

### Descricións

1899

Por Neira de Mosquera en *El Regional: diario de Lugo* [21-1-1899](#)

Recomenda acceder desde a ponte nova. É unha mole de pedras cuberta de vexetación. As pedras non están espaxadas contra o río ou polo val.

1920

García Romero, Celestino: ¿Era de Solovio alguno de los discípulos del Apóstol?, en *Ultreya: revista quincenal de cultura galaica: arte*. n 20, [15-5-1920](#), p. 310-314

Artigo bastante especulativo arredor dun dos discípulos do Apóstolo. Inclúe unha foto dunha calzada preto do Sar e de Laraño. A ponte a que se refire debe ser esta que menciona ao referirse á vía romana que viña do Castro Lupario: *y atravesaba el río Sar por un puente, hoy todavía en uso mas acá de la iglesia de Laraño, y salía a la actual carretera más acá de la granja de los Chouchiños, posesión en otros tiempos de los PP. de la Compañía de SANTIAGO. Señal y marca de su paso es todavía hoy en el barrio de Santa Marta, la capilla que le da su nombre...* (p. 312)

Falando da antiga vía, *el puente de la Amañecida, que está sobre el río Sar puede facilmente visitarse, la calzada que a el conduce que tienen de ancho 3,35-3,50 y el muro de sostén para contrarrestar la ladera 1-1, 20, puede verse en la copia que aqui presento y que debía dicho camino seguir después en el barrio de Santa Marta sensiblemente por donde va hoy la carretera, ...* (p. 313)

Sobre a ponte da Amañecida, engade en nota: *Que no se este un puente romano da grande motivo para pensarlo, el ancho de sus arcos que alcanza mas de cuatro metros (4,38) y aunque este varía mucho en las referidas obras romanas... no parece que ni la importancia de la obra, ni la del camino, no el sitio que ocupa hayan dado motivo para al anchura que en él se ve. Acaso destruido por una riada u otro análogo accidente fue ampliado y repuesto por alguno de nuestros arzobispos para comunicar con la ciudad el castillo de la Rocha que allí cerca se levantaba y del cual sólo escombros quedan. Entre ellos recogí hace años trozos de tejas con dibujos. El que hubiese habido allí este u otro puente en anteriores tiempos parece demostrarlo la calzada que allí aún hoy se ve.*

1935

Artigo poético, *El Compostelano* [9-9-1935](#)

1956

*El ocaso del día en Conjo*, de Francisco Otero Guldris. La Noche [31-5-1956](#)

Máis ben poético

## *Arqueoloxía*

s. XIX

### **El castillo de la Rocha**

*Galicia. Revista universal de este reino*, n. 7 (1865), pp. 106-108. (ver imaxes no cd anexo)

O autor fai un pequeno relato da historia do castelo desde unha perspectiva das lendas agromadas arredor dos feitos. É crítico coa destrución deste emprazamento por mor das obras do ferrocarril. Describe tamén algúns achádegos:

1811: un labrego que estaba traballando eses campos, levantou -con axuda de veciños e unha palanca- a terra que cubría un lugar do castelo. A terra tiña altura suficiente para que medraran nela árbores (carballos) e apareceron alí unhas ruínas parecidas ás que había en Altamira; segundo parece estaban en pe algunhas habitacións. Unha delas era a cociña, onde había en gran número restos de cerámica (*pedazos de loza*) e restos oseos (*restos de gallinas*).

A veciñanza usou o castelo como canteira para a construción das vivendas e o seguirían facendo no tempo en que se redactou este artigo; as pedras reutilizadas son ben visibles nas casas da aldea.

Neste tempo aínda era visible a parte baixa dalgúns muros interiores, e un ángulo medio derrubado. O autor fixo unha visita en 1859 e daquela atopou unha pelota de ferro e varias de pedra, usadas para atacar/defender o castelo.

Pódese apreciar aínda o cano empregado para traer as augas. Un labrego asegurou ao escritor que hai unha galería soterrada e sustentada por columnas que vai ata preto da aldea.

A bola de ferro podería relacionarse con accións bélicas posteriores, por exemplo, dos preparativos da invasión dos ingleses a principios do século XVIII ou ben coas escaramuzas na contorna da Rocha cando a invasión francesa.

**1886**

*Exploraciones arqueológicas en el castillo de la Rocha*

por Bernardo Barreiro de VV en *Gaceta de Galicia: Diario de Santiago*, [11-8-1886](#).

Ruínas cubertas de vexetación que atraen a atención dos viaxeiros que veñen de Carril, unha vez pasada a Amañecida.

A obra do ferrocarril *abrió tuneles y trincheras hasta partir en dos el recogido bosque de un monasterio*. Hai, segundo parece, buscadores de tesouros que remexen o lugar de cando en vez. Relata o caso dun pobre *buñolero*, foráneo que reuniu unha partida, traballaban de noite e en terreo privado ata que llelo prohibiu o concello pola súa propia seguridade - estaban cavando ao pe dun muro-.

A Comisión do Museo Arqueolóxico de Santiago, falou en varias ocasións de acometer exploracións en varios lugares de Galicia, entre eles aquí. Houbo xa unha visita e se retiraron para o museo 2 bolas de pedra (proxectís); quedou todo pendente ata ver a posibilidade de adquirir o terreo que, parece, está en litixio.

**1887**

*En busca de Tesoros* por Bernardo Barreiro de VV en *Gaceta de Galicia: Diario de Santiago*, [2-12-1887](#)

Non informa de nada en concreto sobre a Rocha pero conta das fazañas e achados do equipo do "buñolero" nos arredores de Santiago (Chaián, Sigüeiro, etc.)

Continua o relato no xornal do día seguinte.

**1918**

Relato do roubo nunha xoiería de Santiago e de como os cacos agocharon o botín, que foi recuperado, nas ruínas da Rocha. *El ideal gallego* [25-10-1918](#)

**1962**

*Un tesoro?*, En *El pueblo Gallego*, [31-8-1962](#)

Da conta da aparición dunha escalinata abovedada y un pasadizo subterráneo nas ruínas do castelo, a 4m de profundidade. O achádego foi feito por uns operarios de Fenosa que estaban escavando alí. Ao fío disto, a veciñanza fíxose eco das historias de tesouros alí enterrados (non as recolle).

**1967**

Nota sobre a inauguración dunha sala dedicada aos azulexos no Museo de Pontevedra. El Pueblo Gallego [5-1-1967](#)

Segundo parece nesta colección hai raros e interesantes exemplares, entre eles algúns procedentes do castelo da Rocha de Santiago (rarísimos exemplares).

### ***Camións***

**1862**

*Memoria sobre conocimientos científicos é industriales*, por D. Pedro Ventura de Puga (continuación). En *Galicia: revista universal de este reino*, nº 2, [15-1-1862](#)

Parece que en algún momento se manexou a idea de facer un canal de Santiago á Padrón desde el Puente de la Rocha (p. 31)

**1917**

Camións declarados de utilidade pública na contorna. En *Diario de Galicia*, [25-10-1917](#)

Nesta zona son:

*Del lugar de Vidán, en la carretera del Estado, de Santiago a Camariñas, a la iglesia de Laraño, pasando por el lugar de Puente Viejo y el de Amanecida.*

*Del lugar de Campos de San José, en la carretera provincial del Camino Nuevo a Puente la Rocha, a Rapa da Folla, en Santiago, siguiendo el antiguo camino existente.*

*Del punto conocido por Barcia (carretera del Estado, de Santiago a Camariñas), a la estación de Casal, en la línea férrea de Santiago a Carril, pasando por los lugares de Paredes e Iglesia, en la*

*parroquia de Lاراño.*

*Del lugar de Cornes, en la carretera provincial del Camino Nuevo, al puente de la Rocha, Puente Pedriña, en el término municipal de Santiago.*

A exposición pública do expediente neste concello foi en decembro de 1916

## **1920**

C. García Romero nun artigo sobre o camiño que seguiron os discípulos do Apóstolo di que hai nas proximidades do castelo aínda os rastros dunha calzada antiga; tamén, e presenta foto, nunha das pontes que cruza o Sar, o que está preto da Amañecida.

## **1955**

Sobre unhas obras. *La Noche* [26-7-1955](#)

Sobre a Avda do Camiño Novo... al efectuarse la rectificación del Puente de Vidan. La carretera ha sido modificada ya y el puente ya no se usa.

## **1961**

Inminente inauguración do viaduto da Rocha, que fará desaparecer o paso a nivel. A obra foi anunciada definitivamente en 1958. *El Pueblo Gallego* [15-10-1961](#)

## **1962**

Inauguración do viaduto. *El Pueblo Gallego* [31-1-1962](#)

Foi un acto simbólico por canto xa había unhas semanas que pasaban os coches.

## **Outros**

Moitísimas entradas de accidentes, as veces mortais, no paso a nivel da Ponte da Rocha; tamén de accidentes de coche e atropelos polas curvas que hai á entrada da ponte.

O itinerario era: ponte, curva pronunciada e paso a nivel

**1846**

*La Insurrección de Galicia* en *El Gallego*, nº 53, [25-4-1880](#)

Sobre a retirada dos liberais tras a batalla de Cacheiras: *Defendieron los liberales desde Cacheiras hasta Santiago sus posiciones, dejando trazada tras si roja línea de sangre generosa. Solís y Velasco, tras de los más heróicos hechos en los barrios del Orrío y Sar, Puente de la Rocha, Campo de Santa Susana, faltos de municiones, amagados por las tropas del general Villalonga...replegáronse ordenadamente hacia el convento de San Martín*

**1847/1952**

*La primera flora de Galicia* por Francisco Bellot, en *La Noche* [2-9-1952](#)

Este artigo faise eco dos traballos do botánico catalán José Planellas Giralt, profesor da USC, que fixo investigacións en Galicia en 1847 e nos arredores de Santiago.

El botánico catalán visita la Rocha vieja en busca del medicinal "sinfinito", recoge "Saltaseves" en las Siete Puentes, llega al Monte de la Almáciga en busca del "ourego"... parece que visitou os montes dos arredores da cidade.

**1941**

*El Compostelano* [27-5-1941](#)

O Primeiro proxecto de hospital antituberculoso de Santiago era para instalalo preto do paso a nivel da Ponte da Rocha.

**1952**

Crónica da inauguración do monolito a Xelmírez na Rocha. *La Noche* [4-9-1952](#)

Ten fotos.

### ***Literatura***

Os sucesos relacionados co asasinato de D. Sueiro de Toledo e o asasinato dos burgueses no castelo deron pe a que no s. XIX se publicaran varias versións dos feitos, todos endulzados co aire romántico e historicista propio da época.

Aínda que os sucesos de D. Sueiro non están relacionados co castelo son moi útiles para traballar aspectos relacionados coa Compostela medieval.

As obras mais interesantes son:

**Neira de Mosquera, A.: La Marquesa de Camba. Madrid, 1848**

Foi reeditada en 2008 polo Consorcio.

Da reseña da presentación na web do Concello de Santiago:

*A novela posúe o atractivo das mellores tramas de acción. Un asasinato que vai xermolando dende as primeiras páxinas entre traizóns, paixóns amorosas e vinganzas. A clave deste tráxico acontecemento está nas loitas polo poder entre dous medios irmáns, Pedro I e Henrique de Trastámara.*

*Esta edición de La marquesa de Camba, que se presenta ao coidado de Xosé Ramón Fandiño, é a primeira dende aquela de 1848 (agás a tradución ao portugués aparecida en Porto en 1852). A modo de introdución, o autor desta edición dá conta non só dos feitos históricos nos que se basea a novela, senón tamén das repercusións literarias do asasinato de don Suero, así como da importancia que o propio Antonio Neira de Mosquera tivo dentro da xeración que os historiadores denominan como Provincialistas na primeira metade do século XIX*

**Neira de Mosquera, A.: Don Suero de Toledo. Leyenda Histórica del siglo XIV**

É unha versión previa do que logo sería a novela da Marquesa de Camba.

Esta [edición](#) ten interesantes ilustracións

**La Calle del Sacramento. Novela Ilustrada. Madrid, 20-6-1896**

Fai pasar a historia por tradición compostelá antiga. Interesantes ilustracións.

<http://bdh.bne.es/bnearch/detalle/3473987>